

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE XULLO DE 2020

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as dez horas do día 22 de xullo de 2020, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL,
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral accidental, dona María de las Nieves Fuentes Bermejo.

Xustifican a súa ausencia o concelleiro Don Gonzalo Méndez Mosquera e a concelleira dona Sandra María Marzoa García.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal, de data quince de xuño de dous mil vinte, ditaminada favorablemente na comisión informativa de Urbanismo, Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá e Persoal na sesión extraordinaria de data dezasete de xullo de dous mil vinte, que literalmente di:

"PROPOSTA

A lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, no seu artigo 4, recoñece ás administracións públicas a potestade de autoorganización, potestade que se concreta, polo que respecta á xestión do persoal, na discrecionalidade para configurar unha organización peculiar e adaptada ás súas necesidades concretas.

A relación de postos de traballo é un instrumento técnico a través do que se realiza a ordenación de todos os postos de traballo do concello (funcionarios e persoal laboral fixo), de acordo coas necesidades dos servizos.

A vixente relación de postos de traballo aprobouse definitivamente polo Pleno municipal en sesión de 29 de decembro de 2016 e considérase necesario proceder aos cambios que se indican:

En primeiro lugar, para a homoxeneizar complementos de destino, según o acordado na mesa xeral de negociación celebrada o 23 de decembro de 2019. En tal sesión acordouse destinar o incremento adicional do 0,3 por cento da masa salarial, autorizado no apartado dous do artigo 3 do Real Decreto-lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, á homologación de complementos de destino, o que debe ser trasladado á relación de postos de traballo.

En segundo lugar, ante o pase de oficiais da Policía Local a segunda actividade por motivos de idade é necesario crear un posto de traballo de segunda actividade a ocupar polos traballadores que pasen a tal situación. Por outra parte, é necesario modificar a valoración do posto existente de segunda actividade de policía local dado que, segundo a xurisprudencia existente, o pase a segunda actividade non pode supor unha merma das retribucións fixas.

En terceiro lugar, ante a necesidade de dimensionar o servizo de urbanismo cara á aprobación do Plan Xeral, así como para conseguir un servizo máis eficiente, se entende necesario dotalo dun maior grao de especialización, mellorando con elo a xestión e a calidade dos servizos prestados aos cidadáns, polo que se crea o posto de xefe da área de urbanismo.

Todos os postos que se crean fanse coas características básicas e coa valoración dos factores do complemento específico dos postos xa existentes na RPT asimilables.

A proposta de modificación foi sometida a negociación na Mesa Xeral de negociación conxunta celebrada o 12 de xuño de 2020.

Polos motivos expostos, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

1) Modificar a Relación de Postos de Traballo, nos seguintes extremos concretos:

1.1. Modificar os complementos de destino dos postos que se indican, como consecuencia da homologación de complementos acordada na mesa xeral de negociación celebrada o 29 de decembro de 2019

Código	Denominación do posto	CD
BS.2.5.01	Auxiliar servizos sociais básicos	14
BS.2.5.02		
BS.2.5.03		

BS.2.5.04		
BS.3.4.01	Monitor/a taller	18
CE.1.4.08	Animador/a cultural	18
CE.3.4.01	Técnica/o sonido - Locutor/a	18
SC.2.4.01	Auxiliar emerxencias e protección civil	18
SC.2.4.02		
SC.2.4.03		
SC.2.4.04		
SC.2.4.05		
SC.2.4.06		
SC.2.4.07		

1.2. Seguridade cidadá

- Creación do posto [oficial segunda actividade] coas características que se detallan na ficha descritiva que se achega.
- Modificación da valoración do complemento específico do posto de segunda actividade, de tal forma que quen o ocupe non vexa mermadas as súas retribucións como consecuencia de pasar a tal situación.
- Reasignación despois da modificación introducida, dos códigos dos postos de traballo da RPT, tendo en conta que os códigos dos postos, están compostos de dúas letras e catro números. As letras identifican o servizo e os números de esquerda a dereita identificarían o primeiro número o departamento ou división interna do servizo; o segundo número refírese á estrutura dos postos segundo os grupos e os dous últimos son números correlativos de dúas cifras.

C.I.F. P-1503100-H

SEGURIDADE CIDADÁ

Código	Denominación posto	Rel ser	Esc	Sist Prov	Grupo	CD CC	CE puntos	Xorn	X Parc	Ded	Titulación requirida	Outros requisitos / Observacións
SC.1.2.01	Inspector/a principal. Xefa/e servizo SCE	F	AE	C	A2	22	245	M		PE		
SC.1.2.02	Inspector/a	F	AE	C	A2	20	215	P		PE		
SC.1.3.01	Oficial	F	AE	C	C1	18	195	Q				
SC.1.3.02	Oficial	F	AE	C	C1	18	195	Q				
SC.1.3.03	Oficial	F	AE	C	C1	18	195	Q				
SC.1.3.04	Oficial	F	AE	C	C1	18	195	Q				
SC.1.3.05	Oficial	F	AE	C	C1	18	195	Q				
SC.1.3.06	Oficial	F	AE	C	C1	18	195	Q				
SC.1.3.07	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.08	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.09	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.10	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.11	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.12	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.13	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.14	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.15	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				

C.I.F. P-1503100-H

SC.1.3.16	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.17	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.18	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.19	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.20	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.21	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.22	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.23	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.24	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.25	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.26	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.27	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.28	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.29	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.30	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.31	Policia	F	AE	C	C1	16	180	Q				
SC.1.3.32	Oficial (posto segunda actividade)	F	AE	2ªA	C1	18	195	P				
SC.1.3.33	Policia (posto segunda actividade)	F	AE	2ªA	C1	16	180	P				
SC.1.3.34	Administrativa/o	F	AX	C	C1	18	105	M				
SC.1.4.01	Auxiliar administrativa/o	F	AX	C	C2	16	85	M				
SC.1.4.02	Auxiliar administración	F	AX	C	C2	14	85	T				

1.3. Urbanismo

- Creación do posto [UR.0.1.01- xefe de área] coas características que se detallan na ficha descritiva que se achega.
- Modificación do sistema de provisión do posto de traballo [UR.1.1.03 – Técnica/o de urbanismo] incluíndo a posibilidade de asignar por concurso, de tal forma que pasa a ser: C / COA
- Reasignación despois da modificación introducida, os códigos dos postos de traballo da RPT, tendo en conta que os códigos dos postos, están compostos de dúas letras e catro números. As letras identifican o servizo e os números de esquerda a dereita identificarían o primeiro número o departamento ou división interna do servizo; o segundo número refírese á estrutura dos postos segundo os grupos e os dous últimos son números correlativos de dúas cifras.
- Modificar o organigrama do servizo, de acordo coas modificacións introducidas.

URBANISMO

Código	Denominación posto	Rel ser	Esc	Sist Prov	Grupo	CD CC	CE puntos	Xorn	X Parc	Ded	Titulación requirida	Outros requisitos / Observacións
UR.1.1.01	Xefa/e área de urbanismo	F	AX/AE	C/L	A1	30	300	M		PH		
UR.1.1.02	Xefa/e servizo urbanismo	F	AX/AE	C/L	A1/A2	28	280	M		PH		
UR.1.1.03	Técnica/o urbanismo	F	AE	C /	A1	26	170	M			D	Curso superior de técnico de Urbanismo (EGAP)

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a proposta conta con ambos informes preceptivos, que son aqueles establecidos pola Lei, da Interventora e da Secretaria, desfavorables, contundentemente e ilustradamente de forma extensiva desfavorables, estendéndose en todos os detalles para que todos os poidan entender, obxectando a todos os puntos da proposta que fai a señora concelleira da área, e o equipo de goberno insiste na chapuza e intento de mangoneo co modus operandi habitual, acudindo unha vez máis a un informe alternativo, algo que non está aceptado pola lexislación e a xurisprudencia, e presentan a proposta igual sen reforma ningunha pensando que así xa cumpren; que lembra as palabras do Sr. alcalde no pleno anterior cando dixo, nunha cuestión similar a esta, que acudiran á Deputación buscando un informe alternativo, non sendo esas exactamente as palabras que empregou o Sr. alcalde senón que dixo que foran á Deputación porque non era cousa de buscar contrainformes dentro da casa porque se podían producir malos rolos entre os funcionarios se un funcionario contradecía a outro, indoselle a palabra a contrainforme, non a segunda opinión, sendo moi importante nestes casos as formas, a semántica, que deixan claro cal é a forma de proceder do equipo de goberno.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que neste punto o equipo de goberno trae unha proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo, que é o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto así como as súas características retributivas, caracterizándose por reunir o documento nun único texto os rasgos máis distintivos de cada un dos postos de traballo existentes, que pasan a quedar ordenados e ordenan as sucesivas provisións polos funcionarios adecuados aos mesmos, obxectando os dous informes preceptivos a todos os puntos, dos cales o BNG quere centrarse nun deles que lle resulta o máis escandaloso, cal é a creación dunha xefatura da área de Urbanismo, incidindo na palabra área porque como ben explican os ditos informes na xerarquía do funcionamento o teito está na xefatura de servizo e podería ter sentido un xefe de área dunha área que agrupara varios servizos pero non é o caso, habendo en Culleredo 244 plazas, incluído este novo que o goberno municipal quere crear; que Urbanismo conta con once persoas, incluído o xefe de área que quere crear, preguntando se para coordinar a 11 traballadores non chega unha xefatura de servizo, unha xefatura de sección e unha xefatura de negociado, engadindo que hai que ser moi prudentes pois hai que lembrar que a Lei Montoro limita a contratación de funcionarios, permitindo só o que se chama a taxa de reposición, cubrir un funcionario por cada xubilado ou falecido que haxa no ano anterior, ou que por calquera outra causa desapareza da plantilla, e o equipo de goberno, en vez de optar por exemplo por unha persoa para o servizo de contratación, do que sempre se están queixando de que non teñen persoal para licitar os contratos de servizos, ou para impulsar a liquidación do Centro Loxístico de Ledoño, ou impulsar a liquidación da concesión xa recuperada da Garrocha, optan por crear unha nova praza de xefe da área de Urbanismo.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que contratar unha persoa para o servizo de contratación suporía liberar ao xefe de Economía e Facenda que tivo que asumir tamén a xefatura de persoal ao xubilarse a persoa que ocupaba este posto; que o equipo de goberno xustifica a creación desta praza alegando a necesidade de dimensionar o servizo de Urbanismo cara á aprobación do Plan Xeral e conseguir un servizo máis eficiente, entendendo necesario dotalo dun maior grao de especialización mellorando con elo a xestión e a calidade dos servizos prestados aos cidadáns; que xa explicou como é a xerarquía que hai neste momento en Culleredo e que noutros concellos do mesmo tamaño non existe, considerando que se fan falla novos traballadores no servizo de Urbanismo non son co rango de xefe senón que o que fan falla son currantes de base, e non é algo que diga só el senón que a propia Secretaria da Corporación, no seu informe, alude a esta cuestión dicindo que en relación ao posto que se crea de xefe de área de Urbanismo advírtese unha insuficiente motivación verbo da creación dese posto nese servizo máxime se se ten en conta que no resto dos servizos a pirámide xerárquica da organización culmina cos postos de xefe/a de servizo, coincidindo tamén co Sr. Chouciño na crítica dunha suposta necesidade ao dicir no seu informe que non se achega ningún estudo nin informe do xefe de servizo que sustente esas afirmacións e que entende debe incorporarse ao expediente; que é o equipo de goberno o que debe dicir cantos expedientes hai pendentes, cantos se sacaron, cantos teñen problemas para prosperar e se o que fai falta para axilizar o servizo é

un xefe máis ou currantes de base como xa dixo, preguntando ademais que servizos vai coordinar ese xefe de área e se van facer caso do que o BNG leva demandando reiteradamente de crear un servizo de disciplina urbanística pois dá a impresión de que non xa que non aproveitan esta proposta para crealo, preguntando tamén se van cubrir a praza de técnico de Urbanismo que é a quen se lle debería encargar a misión de disciplina urbanística e o cumprimento de cuestións legais e que leva vacante moitos anos dando a entender que ao equipo de goberno a disciplina urbanística non lle preocupa e así é que pasan cousas como por exemplo que EMALCSA levante Ribados e a avda. De Rutis e teñan que vir os do BNG para descubrir que non ten licenza urbanística; que lembra tamén que o BNG leva xa máis de tres meses agardando que se lle dea acceso ao expediente e se lle conteste se as obras do trazado eléctrico entre o centro de saúde e Perez Lugín teñen título habilitante.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que xa existe unha vacante de arquitecto co código UR.1.1.01 sen que falla falta crear unha xefatura de área, preguntando por que non se cubre a praza vacante e se perde máis tempo cunha tramitación estéril que está demorando a aprobación do orzamento

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que neste caso o equipo de goberno trae unha proposta de modificación da relación de postos de traballo; que outra cousa curiosa que se desprende da proposta que se presenta é que ao equipo de goberno lle preocupa a eficacia, preguntándose o BNG a eficacia en que é a que lle preocupa pois ao goberno municipal o traiciona o subconsciente, o cerebro reptiliano que o delata cando falan de necesidade de dimensionar o servizo de urbanismo cara á aprobación do Plan Xeral, remachando na descrición das funcións que veñen na ficha entre as que aparece “aprobación do Plan Xeral de ordenación urbana”, asignándolle a un funcionario nada menos que a competencia que lle corresponde ao Pleno municipal, algo que non di só o BNG pois a Secretaria municipal o está a dicir tamén no seu informe.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido pregunta se é o servizo de Urbanismo o servizo onde é máis necesario novo persoal pois no servizo de contratación hai centos de miles de reparos de Intervención porque os contratos están sen licitar, levando anos escoitando que se van licitar sen que chegue a facerse, e a realidade é que os servizos de auga potable, limpeza viaria, asistencia a domicilio, xardiñería, alumeadado, teléfono, etc., están sen contrato, contando con reparos todos os meses da Intervención municipal que din que esas facturas non se axustan a contrato e que está prohibida a contratación verbal, o que provoca unha carga de traballo burocrático totalmente estéril, traballo en balde que redundará nunha ineficacia nos servizos públicos polo que non entende de que eficacia fala o equipo de goberno cando non bota en falta contratar xente no servizo de contratación e fala de contratar un xerifalte para o servizo de Urbanismo de cara á aprobación do PXOM, coa función de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana; que no servizo de Intervención e Tesouraría hai 7 postos, no servizo de Economía e Facenda, o encargado da licitación pública, hai 8, pero non están todos cubertos, e o equipo de goberno di que a prioridade é un xefe da área de Urbanismo, podendo concluírse con isto que o que quere é sacar adiante o PXOM sen botar man do rotulador vermello e tachar aquilo que non pode ser e que indican desde o informe de Medio Ambiente da Xunta e parece, polos seus propios comunicados, tamén dos informes dos funcionarios; que a prioridade do equipo de goberno non é sacar adiante un PXOM que sirva aos intereses da veciñanza e a pesar de que lles están dicindo que non se poden desenvolver certos terreos urbanizables, o goberno insiste na mesma vía, delatándoos tamén a forma de cobertura da praza citada que é a libre designación o que en linguaxe popular coñécese como “a dedo” porque desta forma pódese remover en calquera momento do seu sitio para que teña obediencia obrigada e poidan contratar a quen “lles baile a auga”, levantándolles sarpullido a independencia do funcionario, que é un valor intrínseco da súa profesión e van xa moitas probas de que é así ao longo destes anos, con moitos chanchullos, ocultacións de información, eclosión de perdas de centos de miles de euros, e mesmo se diría que millóns de euros, que leva destapado o BNG, e previsan dunha administración sumisa na que os funcionarios públicos teñan coartada a súa independencia polo que non van contar co BNG xa que o seu voto será en contra.

Segue a súa intervención e di que lle quere dicir aos concelleiros que están na bancada do grupo de goberno, que seguramente se sumarán a esta proposta, que levan xa máis dun ano na Corporación e que xa pasaron o período de

gracia, deixando de ser, a ollos do BNG, inocentes no que se cociña polo que se votan a favor serán cómplices da situación coas responsabilidades que implica esa complicidade e que son eles mesmos os que deciden o sentido do seu voto, lembrándolles que o ROM establece que calquera concelleiro pode pedir a palabra en calquera momento, e lembrándolles tamén que poden pedir opinión á interventora e á secretaria sobre as consecuencias do seu voto, existindo informes moi claros que din que de ningunha forma pode aprobarse o que aquí se propón, preguntándolles se desexan que lles lea a definición de prevaricación, que é o delito que comete o xuíz ou maxistrado, ou funcionario que, a sabiendas, dita ou aproba unha resolución inxusta, polo que se aproban esta proposta ten toda a pinta de entrar nesa definición; que non é a única cuestión que tanto a Interventora como a Secretaria cuestionan desta proposta pois tamén di a Interventora no seu informe que non existe consignación suficiente e adecuada para a dotación económica, que non existe unha previa valoración que motive a asignación, que na documentación obrante no expediente non consta valoración algunha nese sentido, que están incumprindo a normativa xeral en materia retributiva, que se constata unha inadecuada valoración de numerosos postos, que se infrinxe a legalidade sen que conste unha valoración obxectiva do posto de traballo, que se infrinxe tamén a legalidade o establecemento entre as súas formas de provisión do sistema de libre designación, e podería seguir pero o resultado, a conclusión final, é que se informa desfavorablemente; que o informe da Secretaria di outro tanto, falando por exemplo da ausencia de motivación respecto daqueles mandatos proporcionados con respecto á xustificación dun concreto perfil profesional, que é contraria a dereito, que non está xustificada a utilización do sistema de libre designación para a provisión do posto de xefe de área de Urbanismo polo que establecer este sistema de provisión para ditos postos infrinxe a legalidade, que a ausencia dunha valoración obxectiva infrinxe a legalidade, como a asignación de complementos de destino e específicos sen que conste unha valoración obxectiva do posto, a ausencia de motivación, reiterando novamente que se infrinxe a legalidade e non resulta conforme coa normativa, concluíndo que se informa desfavorablemente e que non procede a súa aprobación.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa coa súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o equipo de goberno está ben informado e que só lle queda falar dunha cousa máis que é a necesidade que tiveron de alterar a orde do día sendo curioso que unha orde do día de dous puntos teña que ser sometida a unha corrección, o que dá a entender a incapacidade que hai e que non é o único erro pois hai un documento que habería que revisar ben non sexa que máis tarde dese lugar á nulidade do procedemento, que é a acta da Mesa Xeral de Negociación conxunta de funcionarios e persoal laboral de data 12 de xuño de 2020, que leva dous códigos de verificación seguros distintos, un no cadro habitual de código de documento, na parte superior dereita de cada páxina do documento, e outro na marxe esquerda en sentido vertical; que a Secretaria xeral no seu informe fai referencia á importancia da veracidade da sinatura nun documento pois sen ela o documento impide ter por certo o seu contido.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que a RPT constitúe o principal instrumento organizativo das entidades locais e que hoxe, no Pleno, a concelleira dona Marta Figueroa indicou as modificacións que se queren aprobar e catro informes coa conclusión de que é necesaria unha revisión en profundidade da RPT xa que durante anos a dotación de persoal é insuficiente para un adecuado desenvolvemento dos servizos básicos e se incumpre a valoración de numerosos postos atendendo a súa carga de traballo, dificultade técnica e responsabilidade, conformado polos sindicatos, polo propio equipo de goberno, pola Secretaria e por Intervención, preguntando, xa que a RPT é o principal instrumento organizativo da entidade local e atopándose nese estado, cando se vai levar a cabo unha revisión en profundidade, se a falta de persoal que se pon en evidencia nos citados informes é a causa da parálise do Concello, se son conscientes de que esta carga de traballo que soportan os funcionarios o único que crea é malestar e desmotivación, se cren que facendo agora este apaño que pretenden todo isto vai quedar solucionado e se son conscientes da incapacidade que ten o seu equipo de goberno que sabendo isto desde fai anos non fixo nada por solucionalo.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que o que ven outra vez no pleno é que o único que lle importa ao equipo de goberno é ir cubrindo meros formalismos pero que non teñen capacidade de organización nin de planificación a medio prazo nin nada de nada, sendo vergonzoso que presenten hoxe esta modificación da RPT que levan negociando desde decembro do pasado ano e que, sendo conscientes da necesidade dunha revisión en profundidade, traian ao pleno esta chapuza alegando, como xa dixeron na reunión cos sindicatos, que agora non dá tempo a facela ben e que presentan isto para poder sacar os orzamentos adiante e xa despois do verán poñeranse outra vez coas negociacións; que o grupo político Popular non vai ser cómplice da súa nefasta xestión dos recursos humanos do Concello nin van apoiar unha proposta que vulnera a legalidade tanto na asignación de complementos de destino e específicos, como na libre designación como forma de provisión da praza de Xefe de Área, sen molestarse nin en xustificar a necesidade do complemento específico na creación do posto de oficial de segunda actividade.

Remata a súa intervención a Sra. García Gorostizu dicindo que o equipo de goberno estase a rir dos seus empregados públicos presentando esta modificación da RPT e que o grupo político Popular non vai ser cómplice desta falta de respecto con eles polo que votarán en contra.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que as tres intervencións anteriores van máis ou menos na mesma liña e que se fala de RPT, de relación de postos de traballo, de autoorganización, pero non se fala da potestade do equipo de goberno para autoorganizarse e considerar necesaria a creación da praza de xefe de área de Urbanismo polos motivos expostos, que consideran máis que suficientes pois hai un Plan Xeral que sacar adiante e foi solicitado xa en numerosas ocasións pola oposición; que seguramente cada membro da Corporación vería necesidades distintas e crearía postos distintos e autoorganizaríase según crese que o Concello puidera funcionar mellor; que con relación ao sistema de provisión mencionado por todas as partes, a libre designación, di que este sistema de provisión vén recollido na lexislación laboral e non é ilegal, traéndose a este pleno non as bases do posto senón a creación dun posto de traballo que recolle varios sistemas de provisión entre os que está a libre designación e se ao final o equipo de goberno opta por ese sistema de provisión e non outro poderíase falar de se é o sistema máis apropiado ou non pero que o posto recolla varios sistemas de provisión non incumpre ningún tipo de legalidade.

Continúa a súa intervención a señora Figueroa Fuentes e di que en relación á valoración de todos os postos, que é un comentario feito por todas as partes, a RPT que se trae é a que está en vigor, aprobada no 2008 e modificada no 2016, rectificándose no non aprobado polo que é a que hai e conta cunha folla coa valoración dos específicos de cada posto de traballo, recollendo xa a Lei os complementos de destino, e guste máis ou menos é a que hai neste momento e esa adaptación do posto de nova creación fíxose baseándose na xerarquía e nos complementos específicos que a Corporación ten a súa disposición e que marca a puntuación de cada posto, non sendo certo que a xerarquía máxima no Concello de Culleredo sexa o xefe de servizo pois se recolle o xefe de negociado ou asimilado, xefe de sección ou asimilado, xefe de servizo ou asimilado ou xefe de área ou asimilado, existindo xa o posto de xefe de área de Urbanismo ata o 2008 polo que non se trata dunha invención nova nin dun novo posto decidíndose no seu momento polo equipo de goberno existente que era unha praza amortizable, pensando agora que se debe crear de novo para dar un empuxe ao Plan Xeral, existindo dentro dos factores de valoración a posibilidade de crear agora o posto de xefe de área de Urbanismo e ten a súa puntuación que é a que se lle deu.

Segue a súa intervención a Sra. Figueroa Fuentes e di que os postos si están valorados, que si poden crear este posto porque é un tema meramente autoorganizativo e as valoracións fanse en base ao que xa hai aprobado, que estará máis ou menos actualizado e fala de renovar que é o que se acordou cos sindicatos na última reunión, que se revisaría a RPT de maneira integral; que se falou de por que non se cubren outras vacantes, aclarándoo moi ben o voceiro do Bloque, pois hai unha taxa de reposición que permite cubrir cada ano o que queda vacante do ano

anterior e nun Concello do tamaño do de Culleredo a taxa de reposición é moi pequena, e se a Corporación ten acceso ás ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019, verase que se sacaron prazas vacantes en base á taxa de reposición e unha delas a de técnico de Urbanismo.

Continúa a súa intervención a Sra. Figueroa Fuentes e di que todos os informes son respetables e que a proposta conta cun informe do xefe de servizo que aclara que non se incumpre a legalidade e que todo o que se trae ao Pleno vén recollido na normativa ou nalgún decreto da normativa vixente e que todas as opinións son repetables pero curiosamente, como boa oposición que son, de todos os informes que se presentan, recurren sempre aos mesmos, solicitando unha oposición máis responsable pois cando se fala de traballadores, de traballo e de postos de traballo, hai que ser máis responsables e todo o que se trae foi aprobado pola parte social cun apoio maioritario, invitando á Corporación a coller a RPT que se presenta e buscar na lexislación que é unha RPT, como se valoran os postos de traballo, se existe a libre designación como sistema de provisión ou se é ilegal o que hoxe se propón; que xa sabe que hai que facer unha revisión integral da RPT, que xa se acordou e é a intención do equipo de goberno, pero aínda que as intervencións centráronse na creación dun novo posto, a proposta inclúe tamén a subida dun 0,30% da masa salarial autorizada no 2018, de aplicación no 2019, que se acordou cos sindicatos no pasado mes de decembro, e iso é importante para os traballadores do Concello.

De seguido solicita o uso da palabra o Sr. Mourelle Botana, voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños quen, unha vez concedido, solicita aclaración sobre por que Culleredo necesita un xefe de área para a aprobación do PXOM.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde e di que pensa que está bastante claro co que xa se expuxo pois o futuro económico e social do Concello de Culleredo depende da aprobación dese Plan Xeral e que a área de Urbanismo tecnicamente está moi mermada nestes momentos, e no momento en que se aproba un Plan Xeral hai moito traballo derivado pois hai moitísimas persoas implicadas que están esperando a aprobación para investir en Culleredo, o que supón crecemento, e hai un retraso importante respecto doutros concellos da comarca que aproban o seu Plan Xeral a golpe de aprobación de plans sectoriais, sen ter a valentía necesaria para enfrontarse á aprobación dun Plan Xeral, pero Culleredo quere un Plan Xeral transparente, onde cada cidadán e cada cidadá poida ver en todo momento o que pode facer, non preocupando tanto o aspecto anterior á aprobación do Plan xeral senón o posterior, ter os recursos humanos e técnicos necesarios e un persoal cualificado para tramitar a cantidade de licenzas que se prevé van chegar a Culleredo, non referíndose xa tanto ao ámbito dunha vivenda unifamiliar ou un edificio que se poida construír en Vilaboa ou no Burgo senón tamén ao ámbito industrial e ao ámbito da creación de emprego directo e que perdure no tempo; que iso é o que realmente lle preocupa a el do Plan Xeral e aparcaría todo o que é a parte de construción a cambio dun Plan Xeral que permitira xa o desenvolvemento industrial o do espazo industrial de Culleredo porque hai demanda de solo industrial e débese aprobar, guste máis ou guste menos, sendo moitas as empresas e empresarios aos que lles gusta Culleredo e queren quedarse neste municipio polo que hai que ampliar espazos.

Continúa a súa intervención o Sr. alcalde-presidente e di que o punto que se está a debater, a modificación da RPT, inclúe moito máis, incluíndo unha demanda histórica dos traballadores e traballadoras do Concello e que en certa medida tratouse de concretar con eles; que vai defender esta proposta ata as últimas consecuencias pois necesítase un área de Urbanismo forte para enfrontarse ao futuro, á cantidade de demanda que vai haber de solo no municipio de Culleredo porque xa se sabe que é un dos principais referentes económicos e sociais que hai na comarca porque está nunha situación estratéxica dentro da área metropolitana e é algo que hai que ver e recoñecer pois hai unha infraestrutura aeroportuaria que guste máis ou menos é un potencial para a economía do futuro; que hai as mellores infraestruturas de comunicación co interior e co exterior cun porto exterior a escasos kilómetros do municipio de Culleredo e non entende que agora algúns concelleiros indiquen que cun só arquitecto e unha soa apareladora son suficientes para enfrontarse a todo ese reto de futuro que vai mover miles de millóns no municipio de Culleredo en beneficio do seu crecemento socioeconómico, supoñendo unha irresponsabilidade manifesta se,

como alcalde que é, non ve esa posibilidade porque os concellos non se nutren só de ideas e de boa vontade senón que é necesario contar cun crecemento económico que é o que se intenta desde o equipo de goberno, que se concreten licenzas e esas licenzas redunden nun crecemento para contar con maiores recursos económicos de cara ao futuro e Culleredo sexa un referente social e unha potencia económica como xa o é e como xa se viu meses atrás pois non é dos que conta con menos autónomos nin dos que menos empresas rexistradas ten na comarca, debéndose crear sinerxías con outros concellos como pode ser Arteixo, Oleiros ou Cambre e sexa un crecemento metropolitano e non quedar atrás e que cando veñan os cidadáns e as empresas investir en Culleredo non poden quedar os proxectos amoreados por terlles feito caso a quen non apoia esta proposta; que hai que ter un área de Urbanismo en condicións e que iso non obvia que comprende que hai outros departamentos que tamén necesitan un reforzo e que xa desde o mesmo día en que se reuniron cos sindicatos adoptaron o compromiso de poñerse a traballar nunha nova Relación de Postos de Traballo que afronte o futuro dos próximos doce anos e que afronte o futuro con sustentabilidade nos recursos humanos para que sexa menor o choque frontal que teñen as administracións públicas coas leis que impoñen desde Madrid, polo que se ve goberne quen goberne pois parece haber unha máxima na economía que ás veces condiciona a lexislación.

Remata a súa intervención o Sr. Rioboo Castro dicindo que do que se trata é de conseguir unha RPT sostenible que administre ben os recursos humanos e que respecte aos traballadores e traballadoras do Concello de Culleredo aos que respecta enormemente e así o demostra cada día.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que lle están a informar algúns veciños de que a emisión do Pleno viuse interrompida na súa intervención.

De seguido compróbase que o problema está solventado polo que se continúa co desenvolvemento da sesión.

Intervén de seguido o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido, e pide que este contratempo quede recollido en acta pois non sabe se pode comprometer o carácter público dos plenos.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que cando os concelleiros e concelleiras falan en uso da palabra concedida polo Sr. alcalde todo o que din queda recollido, sen necesidade de dúbida pois nese caso estarían dubidando da secretaria e non do alcalde.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quere que saia adiante o Plan Xeral de Ordenación Municipal e quere o desenvolvemento industrial e económico do Concello de Culleredo, preguntando que é o que ten que cambiar o novo xefe de área do informe xa emitido polo actual arquitecto municipal.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que de momento non hai ese xefe de área do que fala senón simplemente un papel que di que o Concello o pode ter e que o tempo fará que o Plan Xeral se aprobe e o terá que examinar a persoa que nese momento estea no posto e que se trata dunha provisión de postos de traballo que de momento non hai pois hai que facer unha selección, non preocupándose a situación que agora hai senón que a súa preocupación é a posteriori.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que na súa anterior intervención fixo a petición de que conste en acta dunha forma expresa a citada interrupción na emisión do Pleno, á marxe do traslado á acta das cuestións que a secretaria considere relevantes, tratándose isto do procedemento habitual.

Intervén a Secretaria do Pleno, Sra. Fuentes Bermejo, e di que en todo caso habería que acreditar a dita interrupción e que, de todas formas, o Pleno está sendo grabado como sempre se fixo.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido prodúcese un pequeno debate entre os distintos concelleiros e concelleiras preguntando pola publicidade e transparencia da sesión por terse producido a citada interrupción.

Intervén o Sr. alcalde e pregunta se se está a emitir a sesión, respondendo a Sra. García Gorostizu que houbo unha parte que non se emitiu e iso é o que queren que conste en acta.

O Sr. alcalde invita á Sra. García Gorostizu, voceira do grupo político Popular, a que repita a súa intervención.

A continuación a Sra. García Gorostizu repite a intervención feita anteriormente en aras de garante da publicidade e transparencia da sesión.

Seguidamente o Sr. alcalde cédelle de novo o uso da palabra ao Sr. Chouciño Garrido quen, facendo uso da palabra concedida, di que cando dixo que quería que constara en acta referíase a que descoñece en que medida compromete o carácter público establecido para os plenos municipais pois os asistentes non saben se foi un momento ou foron varios e sexa un problema técnico ou doutro tempo o que hai que ver é se se compromete a publicidade e transparencia e polo tanto a validez do pleno; que respecto da defensa da proposta feita pola concelleira dona Marta Figueroa, di que outra vez ao seu grupo lle traiciona o subconsciente porque fala da potestade do equipo de goberno para autoorganizarse supoñendo que se refire á potestade da Corporación pois o equipo de goberno o propón e se trae ao pleno para entre todos decidilo pero parece que para o seu grupo a oposición non conta e tanto se lles subiu a maioría absoluta á cabeza que o subconsciente os traiciona constantemente; que a Sra. concelleira na súa defensa da proposta di que non se incumpre a legalidade, entendendo o Sr. Chouciño Garrido que a ela non lle incumbe dicir isto pois para iso se piden informes técnicos aos servizos xurídicos e estes din que si se incumpre a legalidade e polo tanto, servindo tamén para o xa falado sobre o PXOM, que está no mesmo caso, cando os servizos xurídicos nos seus informes din que unha proposta non está ben, o que procede é a súa revisión, tomando nota do que está mal e modificándoo para someter novamente a informe e así ata que conte cos informes favorables pero o equipo de goberno non ten en conta e con todo o descaro trae á aprobación do pleno ambas as dúas propostas non con un senón con dous informes preceptivos desfavorables, significando preceptivo que hai o deber de emitilos o que implica que hai capacidade para dicir se o que se informa se axusta á legalidade ou non; que a Sra. concelleira dixo na súa intervención que xa houbo unha praza de xefe de área, parecendo obviar que el xa estaba coa anterior Corporación e sabe como funcionaba a área; que fala tamén sobre a praza de técnico de Urbanismo que sae na Oferta de Emprego Público, habendo tamén unha praza de arquitecto municipal que poderían cubrir xa se quixeran sen necesidade de toda esta historia para crear unha xefatura de área, considerando que o que fai falta alí é currantes de base pois de xefes a estrutura xa está cuberta; que a Sra. Figueroa Fuentes dixo que respeta os informes preceptivos emitidos cando o que sería respecto sería telos en conta e á vista deles modificar a proposta presentada nos termos establecidos nos informes e volvella a someter a informe ata que este fora favorable pois do contrario respecto non hai; que meten no mesmo paquete o incremento do 0,30% que está pendente de aplicar e din que conta co voto favorable dos sindicatos, sendo o certo que non lles queda outra xa que o equipo de goberno o propón como un paquete conxunto que se toma ou se deixa, buscando o resultado que queren.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o equipo de goberno fala de que no futuro, despois do verán, procederase á revisión integral da RPT, preguntando se se vai facer para o orzamento do 2021; que ao seu grupo tamén lle interesa o desenvolvemento urbanístico, solicitando se teñan en conta os informes preceptivos emitidos e se corrixa o que os técnicos indican, non só os informes do propio Concello senón tamén o da Xunta que informa tamén que tal como se propón o PXOM non pode saír adiante polo que solicita do Sr. Alcalde que deixe de querer poñer en evidencia que é o Sr. Chouciño o que non quere que saia adiante o PXOM e corrixa o que se indica nos informes preceptivos, debéndose revisar tamén que pasa co equipo redactor e saber canto se lle paga e cal é o prazo de prescripción do seu traballo que se iniciou no 2008 e que debería presentar un traballo cun resultado positivo que non obtivo polo que ao mellor hai que ver que pasa, o prazo que tiña para facer este traballo e ver se o

contrato cumpriu a súa finalidade; que aínda que se trouxera esta semana a aprobación inicial, o PXOM debe someterse á Xunta para a súa aprobación definitiva e ten un prazo non breve polo que todo apunta a que no 2020 non vai estar aprobado.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que a señora concelleira Marta Figueroa falou na defensa da proposta da potestade do equipo de goberno pero supón que a legalidade terá que cumprirse e o que se desprende dos informes preceptivos que obran no expediente é que non se cumpre, que se vulnera a legalidade; que o xefe de servizo no seu informe di que o que se propón podería facerse pero os informes técnicos din que o equipo de goberno o fixo mal e que non hai consignación económica suficiente e adecuada para a adaptación económica de todos os postos de traballo que aparecen na modificación da RPT; que desde o 2016, ano no que se aprobou a actual RPT, existe un posto de arquitecto municipal que non foi convocado e desde fai oito anos non se cubriu a praza de xefe de xestión urbanística, falando o informe de doña Pilar doutros cinco postos da subescala técnica que están sen cubrir; que non se especifica nin a titulación académica do xefe de área, non hai unha valoración obxectiva dos complementos de destino e específico, quérese propoñer por libre designación e non por concurso, que deixa constancia de que se incumpre a legalidade tal como din os informes da secretaria e da interventora; que tampouco cumpre a legalidade a modificación dos complementos de destino do apartado 1.1. preguntando por que homologan estes postos e non outros, sen haber documentación que xustifique estas modificacións, ocorrido o mesmo co posto de oficial de segunda actividade sobre o que o goberno nin se molestou en xustificar a necesidade do complemento específico.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que desde o seu grupo solicitan unha revisión motivada para non seguir vulnerando a legalidade vixente e para amosar un pouco de respecto polos traballadores do Concello.

Intervén de seguido o Sr. alcalde-presidente e di que o equipo de goberno ten clarísimo que a proposta que se somete a aprobación beneficia o que se considera debe facerse puntualmente no Concello de Culleredo.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal, de data 15 de xuño de 2020, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Votos en contra: 7 (sete) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela e Mourelle Botana.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal de data 15 de xuño de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

2.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2020.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data quince de xuño de dous mil vinte, ditaminada favorablemente na comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural na sesión de data 18 de xuño de 2020, que literalmente di:

“Unha vez redactado o Proxecto de Orzamento para o exercicio de 2020, que comprende os seguintes documentos:

1. Estado de ingresos, cun importe total de 27.554.609,46 €
2. Estado de gastos, cun importe total de 27.554.609,46 €
3. Memoria do Presidente
4. Informe económico relativo ás bases de cálculo empregadas
5. Anexo de persoal do Concello, que contén a
 - cadro de persoal
 - relación valorada dos postos de traballos
 - masa salarial persoal laboral
6. Anexo de inversións a realizar no exercicio
7. Estado da Débeda municipal
8. Bases de Execución do Orzamento
9. Liquidación do orzamento do exercicio de 2018 e 2019 e avance da Liquidación do orzamento do exercicio de 2020.
10. Anexo con información relativa aos convenios suscritos coa Comunidade Autónoma en materia de gasto social
11. Anexo de beneficios en tributos locais

C.I.F. P-1503100-H

De acordo co disposto polo artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

A aprobación inicial do Orzamento do exercicio económico do 2020, así como das bases de execución, do cadro de persoal, masa salarial do persoal laboral e o resto de documentos anexos, que ten o seguinte resume:

Estado de ingresos			Estado de gastos		
Cap.	Descrición	Importe	Cap.	Descrición	Importe
1	Impostos directos	9.270.500,00 €	1	Gastos de Persoal	7.974.562,90 €
2	Impostos indirectos	500.000,00 €	2	Gastos en bens correntes e servizos	11.184.101,53 €
3	Taxas e outros ingresos	3.589.485,70 €	3	Gastos financeiros	1.000,00 €
4	Transferencias correntes	10.255.102,50 €	4	Transferencias correntes	1.722.950,00 €
5	Ingresos Patrimoniais	8.800,00 €			
7	Transferencias de capital	3.915.721,26 €	6	Inversións reais	6.655.995,03 €
8	Activos financeiros	15.000,00 €	8	Activos financeiros	15.000,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	1.000,00 €

Total	27.554.609,46 €	Total	27.554.609,46 €
--------------	------------------------	--------------	------------------------

De conformidade co sinalado no artigo 169 do Real Decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a presente aprobación será unha aprobación inicial, trala que o Orzamento exporase ao público por quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o devandito prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O Orzamento do exercicio económico de 2020 considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións e entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista no apartado terceiro do artigo 169 do RDL 2/2004.”

Consta no expediente informe da Intervención municipal de data 12 de xuño de 2020 (código de documento UIT14I00DP).

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno trae para a súa aprobación polo pleno nesta sesión o presuposto para o exercicio 2020 que se caracteriza pola conxelación dos impostos, taxas e prezos públicos, ausencia de débeda, forte incremento de axudas sociais e subvencións e tamén por un forte investimento que servirá para dotar de novos servizos e infraestruturas ao Concello de Culleredo; que para o goberno municipal o máis importante son as persoas e o seu benestar e por iso o proxecto que hoxe presentan está pensado para axudar a que os veciños e veciñas de Culleredo poidan superar as consecuencias da pandemia xerada polo coronavirus, polo covid-19, e mellorar con estes orzamentos a súa calidade de vida, sendo o que máis preocupa neste momento as situacións de emerxencia social e estar preparados para un posible rebrote; que como principais novidades dos orzamentos que hoxe se presentan respecto dos do ano anterior, destacan as seguintes:

- A forte suma adicada a Servicios Sociais, case cinco millóns e medio de euros, o que supón un incremento de 1.326.000 euros respecto do ano pasado, dos cales 600.000 € son para PEIS (Prestacións de Emerxencia e Integración Social) e 1.500.000 para axuda a domicilio.
- Adícanse uns 880.000 € para fomento do emprego (dos cales, tamén como consecuencia do Covid, 250.000 son para subvencionar ó tecido empresarial e apoiar ás microempresas do Concello de Culleredo.
- Dótase unha partida para gastos en subministracións derivados do COVID19.
- Adícase unha partida para axudar ás comunidades a sufragar os investimentos en espazos privados de uso público.
- Case se duplica o importe previsto para as subvencións de educación para poder subvencionar as becas comedor.
- Adícase a investimento un 20% máis que o ano pasado, uns 6.656.000 €; cos que se pretende mellorar a seguridade viaria, os centros sociais, as instalacións deportivas, os parques e xardíns, etc.

Continúa a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que o proxecto de presuposto que se presenta hoxe para á súa aprobación polo pleno é un presuposto equilibrado en ingresos e gastos, por un importe de 27.554.609'46 € respectivamente, experimentando unha subida de 2.427.365 € que representa unha porcentaxe dun 9'7% con respecto ao ano anterior; que o proxecto de presuposto foi ditaminado favorablemente na correspondente comisión informativa, contén toda a documentación necesaria e legalmente vixente e foi confeccionado de acordo con todas as normas vixentes; que estes orzamentos cumpren cos obxectivos de débeda pública e co principio de estabilidade presupostaria.

Segue a súa intervención e a Sra. Iglesias Becerra e di que os ingresos incrementáanse nun 9,7%, ascendendo os ingresos previstos á cantidade de 27.554.609'46 €, previsión de ingresos realizada en base á liquidación do ano 2.019 e o avance da liquidación do ano 2020 e a criterios técnicos emitidos á vista das mesmas; que os ingresos que se poidan producir a maiores contabilízanse normalmente no exercicio seguinte con incorporación de remanentes ou a través dunha modificación complementaria dos orzamentos; que o presuposto finánciase integramente cos impostos directos e indirectos, taxas, transferencias correntes e ingresos patrimoniais, non sendo necesario acudir a ningunha operación de crédito; que a subida experimentada débese fundamentalmente á incorporación de fondos FEDER, transferencias correntes e de capital, dado que as taxas e impostos no Concello de Culleredo levan xa máis de catro anos sen subirse; que o equipo de goberno non é partidario de consignar futuros ingresos mentres no se concreten legalmente, xa que son posibilidades, pero non realidades a día de hoxe, prudencia esta coa que actúan que foi a que lles permitiu liquidar os exercicios precedentes con superávit.

Continúa a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que respecto ao capítulo de gasto, este tenta dar resposta ás necesidades máis urxentes en materias de investimento, e no capítulo de persoal contén os gastos necesarios para as previsións de persoal; e en gasto corrente contén as cantidades necesarias para facer fronte ós contratos dos diversos servizos municipais, ao mantemento dos servizos e os edificios públicos, pasando a continuación a analizar os capítulos individualmente e di que:

- O capítulo 1, de gastos de persoal, é de case oito millóns de euros, o que supón un incremento do 2'6%, incremento necesario para poder facer fronte ás previsións nesta materia pactadas cos sindicatos e ó incremento salarial máximo previsto polo goberno que poden acadar as retribucións no ano 2020; que o capítulo de persoal tenta dar resposta ás necesidades de persoal do Concello nas diversas áreas e ao plan de emprego negociado coas entidades sindicais, dotándose as prazas vacantes que previsiblemente poden ser cubertas de conformidade coa lexislación vixente e consígnanse os créditos necesarios para facer fronte ás retribucións do persoal municipal.
- O capítulo 2, gastos en bens correntes e de servizos é de 11.184.101'35 €, o que supón un incremento dun 2'9%, rexistrando os incrementos necesarios para poder facer fronte ás necesidades dos distintos programas, seguindo coa política de contención dos gastos, e as partidas máis importantes continúan sendo as adicadas á dotación dos créditos destinados ó financiamento dos servizos públicos básicos (mantemento de parques e xardíns, alumado público, limpeza viaria e de edificios, e servizo de abastecemento de auga....) e ó benestar das persoas (servizos sociais, fomento do emprego, sanidade, educación, cultura e deporte, dotándose unha partida adicada este ano exclusivamente a gastos COVID para gastos en xeles, mascarillas, EPIS, e todo o que neste momento se necesita e que nunca ata o de agora fixo falta.
- Os capítulos 3 e 9, gastos financeiros (intereses) e pasivos financeiros (amortizacións de préstamos), quedan abertos cunha cantidade simbólica de 1.000 € cada un pois neste momento non hai ningunha débeda bancaria pendente, polo que non se prevén gastos financeiros nin amortizacións.
- O capítulo 4, de transferencias correntes, é de 1.722.950 €, incrementándose en 801.000 €, un 86'9% con respecto ao ano pasado co fin de subvencionar ás entidades sen ánimo de lucro e as prestacións económicas de emerxencia social, así como os compromisos de achega adquiridos polo concello co Plan de Transporte Metropolitano, co Consorcio As Mariñas e ó financiamento dos gastos de mantemento das escolas infantís e o centro de día xestionados pola Xunta; que este capítulo rexistra un importante incremento por mor da consignación realizada nas partidas de subvencións que teñen como finalidade facer fronte ós efectos derivados da emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, como son as prestacións de emerxencia e integración social, destacando por exemplo os PEIS que se incrementan uns 350.000 €, o apoio a microempresas (autónomos, comercios...) e outras subvencións de

nova creación como as adicadas a bolsas comedor e educación e as axudas a comunidades de veciños para que poidan investir en espazos públicos de uso privado).

- O capítulo 6, de investimentos, representa un 24,15% do orzamento e increméntase un 20,10%, ascendendo á suma de 6.655.955'03 € o que é unha boa noticia para o municipio de Culleredo porque lle vai permitir ao Concello dotar de novos servizos e infraestruturas, debéndose a subida fundamentalmente á consignación dos investimentos comprometidos para o desenvolvemento da estratexia de desenvolvemento urbano Culleredo Vivo.

Continúa a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que este orzamento implica un especial esforzo para acometer neste exercicio a contratación dos investimentos incluídos na estratexia de desenvolvemento urbano Culleredo Vivo por un importe de case tres millóns e medio de euros aparecendo os investimentos a realizar e o seu financiamento desglosados no anexo de investimentos que forma parte deste orzamento, recollendo o proxecto de presuposto que se presenta os investimentos que o equipo de goberno considera máis urxentes, entre os que destacan investimentos en rede viaria (2.130.000 €), infraestruturas deportivas (620.000 €), parques e xardíns (725.000 €), rehabilitación de centros sociais (1.051.558 €), etc, podéndose observar que os orzamentos que se presentan son uns orzamentos cribles e prudentes, tanto en ingresos como en gastos, cribles porque nos derradeiros anos as liquidacións que se presentaron dos mesmos foron positivas, xerando novos remanentes de investimentos, e prudentes porque as derradeiras liquidacións os ingresos superaron os gastos en importantes cuantías, entendendo o equipo de goberno que coa aprobación dos mesmos mellorarán substancialmente os servizos que se prestan ós cidadáns e como consecuencia a súa calidade de vida.

C.I.F. P-1503100-H

Remata a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra agradecendo o traballo feito polos traballadores e traballadoras do Concello que traballaron para sacar adiante estes orzamentos e a todas as persoas que fixeron achegas tanto a título individual como a título colectivo para que estes orzamentos foran máis xustos e máis participativos tratando de dar resposta ós problemas e inquietudes da cidadanía, solicitando o o voto favorable para os mesmos.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere dicir que non vai sen tempo a elaboración e redacción dos orzamentos do ano 2020 pois preséntanse no 22 de xullo de 2020, transcorridos xa sete meses do ano referido; que unha vez máis a indiferencia do Sr. alcalde e do equipo de goberno polos cullerdenses pois presenta un documento de orzamento sen consensuar previamente cos membros da oposición, sen ter en conta as súas demandas, importándolle moi pouco as demandas e necesidades da veciñanza, do pequeno comercio, dos autónomos e da pequena e mediana empresa, entendendo que o retraso na aprobación dos orzamentos é motivada pola ineficacia do goberno municipal do Concello de Culleredo, dándolle tempo a este goberno a presentar uns orzamentos máis axeitados e específicos para o momento no que se está a vivir neste país como é o Covid-19, aclarando desde Alternativa dos Veciños de Culleredo que lles preocupa a situación da veciñanza e a situación actual que se está a vivir e que se vivirá; que á vista dos orzamentos que se presentan sería interesante especificar e concretar máis detalladamente onde van destinados os impostos dos cullerdenses, concordando coa interventora municipal cando di que os ditos orzamentos son moi ambiciosos ou, dito coloquialmente, un pouco inflados; que se o alcalde o di será que o ten moi claro, e se non é el será a concelleira de Facenda que di no seu informe que se trata duns orzamentos cribles e prudentes, entendendo que diga cribles pola súa parte, polo cargo que ocupa como concelleira de Facenda que é, e prudentes poderíase entender se o que se entende por prudencia é que non se entere a veciñanza ou a oposición do que está a facer o equipo de goberno municipal, considerando desde Alternativa dos Veciños de Culleredo que estes orzamentos son escuros ou, dito doutra maneira, pouco transparentes, solicitando permiso para dicir que tamén ao seu grupo lle parecen pouco cribles, motivos estes polo que o seu voto será no a estes orzamentos tan pouco transparentes e tan pouco cribles, solicitando que o goberno municipal non esqueza adicar unha partida presupostaria para o arranxo da praza de Galicia do Burgo xa que, se non se equivoca, hai unha sentenza xudicial que obriga ao Concello de Culleredo a reparar a dita praza, e que non esqueza asimesmo elaborar

unhas bases de axuda aos autónomos de Culleredo xa que é posible que cando cheguen as axudas algún autónomo xa tivera que cesar na súa actividade e engrosar a listaxe de paro do Concello, dúas realidades estas que representan dous puntos latentes a día de hoxe no Concello de Culleredo ao igual que outras que se irán vendo ao longo desta lexislatura.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que desde o BNG queren presentar unha emenda á totalidade dos orzamentos acolléndose ao artigo 88 do Regulamento Orgánico Municipal e pasa a detallar o por que dicindo que no día de hoxe por fin existe a oportunidade de debater os orzamentos do 2020 e que parece unha broma de mal gusto estar debatendo o 22 de xullo, vencendo o sétimo mes, e a falla dun mes de exposición pública que haberá que sumar, o orzamento do presente exercicio, lembrando que o equipo de goberno ten maioría absoluta e que se fartaron de dicir que precisaban da maioría absoluta porque o Bloque lles bloqueaba os orzamentos e non o dixeron só nos seus mítines senón tamén en reunións oficiais como pode ser no Consello sectorial de Obras e no Consello Xeral de Participación Cidadá onde, con todo o descaro e sen o menor pudor, literalmente dixeron que “agora que temos maioría absoluta non teremos problemas en aprobar o orzamento en tempo e forma”, non tendo xa o “obstáculo” da oposición pero a incapacidade é tanta que tiveron que cambiar tres veces de escusa pois primeiro dixeron que os fondos EDUSI precisaban que os proxectos estiveran completos, preguntando onde están e se se poden ver nalgún sitio porque a este pleno non achegaron documentación ningunha respecto disto e as partidas dos EDUSI seguen chegando no anexo de investimentos agregadas, sen desglosar, calcadas case todas elas do exercicio 2019 porque o equipo de goberno, na súa incapacidade, non foi quen de executar nada e teñen os EDUSI a catro meses de finalizarlles o prazo sen que se poidan ver os proxectos, non tendo pudor en dicir que este era o motivo do retraso dos orzamentos cando concellos como Cambre, A Coruña ou Arteixo teñen tamén EDUSI e contan cuns orzamentos aprobados no seu tempo.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o equipo de goberno xa non engana a ninguén pois non ten capacidade para facelo, téndoseller rematado xa o crédito, do que tiveron un avance o pasado domingo; que a segunda das escusas para non ter o orzamento a tempo foi a valoración dos contratos de servizos pois seica ían atender as esixencias da oposición e preparar as valoracións das licitacións dos servizos e incluílas no orzamento, preguntando onde van e dicindo que se trata doutra mentira máis e que minten máis do que falan pois non hai un só documento coa documentación do orzamento ao respecto.

Segue a súa intervención o voceiro do grupo político do BNG e di que como terceira escusa, e sen poñerse nin sequera rubios por acudir a unha situación de pandemia, de alarma, de preocupación de todo o mundo, poñen a COVID como motivo de retraso dos orzamentos, dicindo que o equipo de goberno non ten vergonza e que disculpase non vai con eles nin tampouco considerar algúns temas sagrados, chegando con esta situación ao mes pasado, onde se ditaminan os orzamentos na correspondente comisión xa que parece ser que estaba todo preparado pero a ilusión durou unha noite pois ao día seguinte, na xunta de voceiros, non dando a cara o Sr. alcalde e botando por diante á tenente de alcalde para recibir as críticas, comunican que os orzamentos non poden ir ao pleno ordinario do pasado mes de xuño porque lles faltaba un trámite, a modificación da RPT que se debatiu no punto anterior, sendo ese o motivo do retraso, crear un posto de libre designación para ter outro arquitecto que lles aprobe o PXOM; que hai que ter valor para facer isto pero, por se Pepe Gotera e Otilio estiveran de vacacións, en Culleredo está o goberno municipal que ten que mandar unha modificación da convocatoria dun Pleno de tan só dous puntos na orde do día porque se equivocaron na orde a tramitar, preguntando como vai ser capaz o equipo de goberno de facer un orzamento cando non son quen de convocar un pleno como Deus manda.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que como o orzamento por fin chegou, van proceder a avalialo dicindo que o equipo de goberno volve calcar todos os investimentos EDUSI que xa ían no 2019, con partidas que non se executaron porque non foron quen de tramitar nada dos fondos EDUSI, atrevéndose a avanzar que Culleredo vai perder os tres millóns de euros EDUSI, do que está convencido dada a incompetencia do grupo

socialista; que matizando ten que dicir que si que houbo licitacións EDUSI pois deses tres millóns licítáronse 60.000 euros, aos que lles hai que sumar os centos de miles da xestora, sendo moi estraño que só houbera 200.000 euros de superávit tendo o pasado ano uns fondos EUSI por importe de tres millóns de euros incluídos nos orzamentos e estando practicamente todo sen executar, preguntando que foi de todos eses cartos; que tiveron que anular a licitación da mellora do Centro Social de Celas, que estaba iniciada e nunca explicaron por que, sendo fácil comprobalo para calquera que se achegue ao perfil do contratante, e neste orzamento non vai sen que se saiba se o esqueceron ou hai outro motivo; que o raro sería que houbera algo licitado porque os fondos europeos EDUSI obrigan nas súas bases a que sexan participativos e son moi estritos niso e xa se sabe que en Culleredo están sen constituír aínda en tempo e forma os órganos de participación, lembrando ao equipo de goberno que tiveron que ser avisados de que era un acto nulo pois a súa compañeira non foi convocada, e de actos nulos derívanse actos nulos, non sendo quen aínda de solventar a chapuza que fixeron polo que supón un desastre e avisa de que se van perder os fondos EDUSI, preguntando como vai decidir a participación nos fondos EDUSI un organismo que está sen constituír e quen decidiu destinar 60.000 euros dos seus fondos á ampliación do centro social de Fonteculler se non existe formalmente o órgano que debe decidir.

Continúa a súa intervención e pregunta aos concelleiros e concelleiras que estaban no Consello Xeral de Participación Cidadá, e concretamente á señora Izaskun e ó señor Eduardo, se lembran a burla do Sr. Rioboo cando nega o uso da palabra aos presentes e apúrase a levantar a sesión para que o que se fale despois non conste en acta, preguntándose se se pode ser máis ruín e lembrando que o Sr. Rioboo levou á dita sesión unha lista como se estivera consensuada, pasándose despois a seguinte lista como algo aprobado nesa sesión:

C.I.F. P-1503100-H

- Proxecto de cubrición do campo da festa de Almeiras: 18.150 euros
- Aceras en rúa Regueira e rúa San Xiao: 100.000
- Rehabilitación e acondicionamento do polideportivo municipal de Tarrío: 695.000 euros
- Melloras en seguridade mediante sinalización en Celas e Monte Xalo: 35.000
- Reforma e ampliación do centro social de Sueiro: 201.000
- Ampliación do centro cívico de Sésamo: 123.000
- Redacción proxecto de ampliación do Centro Social de Castelo: 12.000
- Reforma integral Centro Social de Orro: 80.000
- Cerramento lateral da pista polideportiva de Castro-Laxe: 80.000

Pregunta onde están estes investimentos no documento de anexo de investimentos, que é onde deberían estar, pois é o acordado supostamente na sesión, proposto polo Sr. alcalde, que os presentou como se foran lentellas, e se as queres as tomas e se non as deixas; que o que non está no orzamento non existe, axioma comunmente aceptado por todo o mundo, sendo a propia interventora a que esixe concreción nas partidas no anexo de investimentos, concluindo que así non vale, cun informe demoledor que non dá por boa a documentación do orzamento.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que alén daquelas obrigas legais que vén de lembrar existen, ou deberían existir, obrigas lexítimas que o equipo de goberno cacarexou promesas a tutipleni, lembrando algunhas como as que se relacionan:

- Non se destina ningún carto á piscina municipal, nin sequera algo simbólico para facer o proxecto’.
- Non se destina nada para a mellora da Fonte da Balsa, ese rueiro que o Sr. Alcalde pretendeu burlar e humillar nas eleccións municipais cunha caseta de obra e uns palets de baldosas para dar a entender que

alí se ía facer algo e que se retirou despois, pedindo que se destine unha pequena partida, por pequena que sexa, para facer un proxecto que sexa algo máis que unha infografía para enviar a un periódico.

- Non se destina nada aos campos de fútbol, nin ao de Culleredo, nin ao do Portádeg, arranxando tan só o da parroquia propia, preguntando se o que busca o Sr. alcalde é que lle poñan unha estatua alí ao lado do cabaleiro.

- Nada para as promesas do Sr. Alcalde feitas para os centros sociais de Boedo, Sésamo, Sueiro, Orro e Castelo, compromisos que son fume e dos que nada se recolle agora no documento no que hai que concretalo e que compromete.

- Nada para o boulevard de Vilaboa, esa gran avenida humanizada

- Nada para o camiño de Orro e Ledoño, aprobado o seu rescate por unanimidade no Pleno

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que souberon pola prensa que hai unha sentenza que obriga a reparar a praza de Galicia en canto á cuberta do garaxe soterrado que hai debaixo e que hai unha petición de información do BNG feita en tempo e forma hai semanas ao respecto, pedindo que publiquen o proxecto e a valoración do que hai que facer alí, petición que se meteu no rexistro hai semanas e está sen atender, polo que o equipo de goberno saberá o que agocha e a eles lles toca supoñelo, preguntando se están a facerlles a mesma ocultación que pretendía no seu momento o Sr. Sacristán co pagamento da sentenza pola parcela do colexio Ría do Burgo, e preguntando tamén se lembran a cantidade, 1.560.000 euros, que ata houbo que suplicar ao xuíz que lle aprazara ao Concello porque comprometía gravemente as finanzas municipais, dicindo a continuación que a el, aquí, con isto da praza de Galicia, chéiralles a can.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que, entre que o equipo de goberno non aproba partidas para ningunha das propostas do consello xeral de participación cidadá, que non queren contar para que son os 500.000 euros que van para terreos no anexo de investimentos, e que non se coñece a valoración do proxecto de reparación da praza de Galicia, hai motivos dabondo para que non poida prosperar este orzamento nos termos nos que está redactado, para que si prospere a emenda á totalidade do BNG e para que o goberno municipal revise a documentación para que cumpra as esixencias legais e lexítimas que tan ben expón a interventora e de todo isto dependerá o voto do seu grupo.

Continúa a súa intervención o voceiro do grupo político do BNG e di que no informe da interventora indícase que non se recollen na súa totalidade as previsións do artigo 13 do Real decreto 500/1990, apartados tres e catro, relativas á identificación dos proxectos incluídos no anexo de investimentos, lembrando ao equipo de goberno que o di a interventora e o di tamén o BNG, facendo eco do informe da interventora; que cuestións como a turbidez dos fluxos de caixa dos pagos dos veciños e veciñas de Culleredo nos recibos de auga e alcantarillado, nos que non se sabe ben por que se paga a auga a EMALCSA ou por que se lle paga a Gestagua cada trimestre, ou se o que se recauda non se transfere, cuestión esta que algún día abordarán; que a interventora comenta que os dereitos no concepto 30100, relativo a taxa pola depuración de augas residuais, son 500.000 euros e tampouco se dá unha explicación convincente sobre a que se debe.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño e di que por todas as cuestións expostas é polo que queren presentar unha emenda á totalidade pois o equipo de goberno non inclúe ningunha desas cuestións que detallou e que son preceptivas, en particular o que foi aprobado no Consello Xeral de Participación Cidadá, con todos os atrancos comentados, e o arranxo da praza de Galicia que parece hai que cumprir por sentenza xudicial, solicitando se someta a votación a súa emenda á totalidade presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que no mes de marzo do 2019 ano aprobáronse os presupostos do pasado ano; que ela non era todavía concelleira pero desde a mesma Sala na que hoxe se atopa escoitou as duras críticas que todos os partidos da oposición lle formularon por un retraso inxustificado en presentar e aprobar o instrumento de planificación por excelencia que son os presupostos, durísimas críticas da oposición que o Sr. Rioboo Castro, apuntando xa maneiras, despachou dicindo que era o prezo que había que pagar por non dispoñer dunha maioría absoluta e ter que consensuar os presupostos cun grupo político, coa Marea Veciñal, un grupo que aposta polo interés xeral do Concello, non como outros partidos, que só buscan e están a pensar nas próximas eleccións municipais; que o que hoxe é Alcalde de Culleredo, en maio do 2019 fagocitou a aquel grupo que o apoiou naqueles presupostos que non se parecen en nada ao que despois executou o equipo de goberno; que agora si teñen maioría absoluta, desde maio do 2019 ou, por dicilo máis claramente, superabsoluta, polo que se daban as condicións para ter tido este debate no mes de setembro ou de outubro do 2019 para que, nun intento de planificar, ter listo nesta data os presupostos e que estiveran xa aprobados cando o ano comezara pero non foi así e chegouse ao mes de xullo do 2020, contando cunha maioría absoluta para aprobar os orzamentos do 2020, para o que o Sr. Alcalde atopará calquera escusa, pois se o ano pasado a escusa foi a falta de maioría, este ano podería ser a extemporaneidade dunhas eleccións xerais no mes de novembro, a previsión de ver se se formaba un goberno, se se aprobaban os Presupostos Xerais do Estado, se o Ministerio de Facenda deixaría que o Concello gastara máis e, máis tarde, que se a falta de contratos, que si o EDUSI, que se o coronavirus ou que se a RPT, e o certo é que, se busque a escusa que se queira, traer no mes de xullo a aprobar uns presupostos para o mesmo ano, indica que o Sr. Alcalde é un irresponsable, un absoluto irresponsable que trata con absoluta indignidade aos representantes da Corporación municipal, ou polo menos aos representantes do Partido Popular, aos seus votantes e aos veciños de Culleredo.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e, dirixíndose ao Sr. Alcalde, di que vendo o visto no ano que leva na Corporación municipal, non ten ningunha dúbida de que el preferiría aprobar neste debate os presupostos do 2020, os do 2021, os do 2022 e os do 2023 porque para el non deixa de ser un mero formalismo que neste ano acadou o paroxismo da irresponsabilidade e da falta de planificación á hora de definir a onde quere levar o Concello e como se vai facer, pasando a continuación á análise dos presupostos en si e concluíndo que:

- O aumento do 10% dos ingresos con respecto ao exercicio anterior parece demasiado optimista, afirmación que non o di só o seu grupo senón a interventora municipal no seu informe xustificándoo con que tanto no 2018 como no 2019 só se executaron 21 millóns de euros polo que o aumento que se propón non parece moi crible.
- Con respecto aos gastos seguen sendo os capítulos 1 e 2, aos que se destina o 70% do orzamento e, aínda así, queda de manifesto que a dotación de persoal é insuficiente para un adecuado desenvolvemento dos servizos básicos e, tal como se viu hoxe no debate do punto anterior.
- No capítulo 4, de transferencias correntes, o grupo político Popular solicita que se promovan procedementos de subvencións de concurrencia competitiva para que terceiros poidan acceder ás mesmas a través de procedementos de publicidade, obxectividade e igualdade evitando así a arbitrariedade á que están acostumados.
- No capítulo 6, de investimentos a realizar polo Concello, unha vez máis non se identifican os proxectos incluídos no anexo de investimentos aumentando en máis dun millón de euros o capítulo 6 con respecto ao ano anterior e aínda así vense proxectos presupostados para o pasado ano que de novo aparecen neste orzamento o que indica que existe unha pura e dura inacción e inercia de proxectos iniciados en anos anteriores, tratándose dun documento “continuista” que arrastra partidas desde fai varios anos que se non se levaron a cabo ata o de agora, tampouco se van facer nestes catro meses que restan de exercicio.

- Que non hai unha soa baixada de impostos municipais e o seu grupo, por mor dos efectos do COVID na economía tanto das empresas como das familias, presentou unha serie de propostas nesta liña comprobando no documento que se presenta que non se tiveron en conta senón todo o contrario, pois o Concello ten previsto recaudar 3,5 millóns de euros en multas e sancións, un 7% máis con respecto ao ano anterior, avisando aos veciños para que anden con ollo e se preparen para o que se aveciña; que o Concello, debido a que non se executaron os presupostos anteriores, ten unha remanente de nove millóns de euros para reducir impostos e taxas aos cidadáns, existindo o problema tamén con estes presupostos porque finalmente entrarán en vigor no mes de setembro, o que fai que sexan uns presupostos irrealistas e practicamente imposibles de cumprir, sen diálogo e sen que se escoitaran propostas, indicándolle o Sr. Alcalde á oposición nunha xunta de voceiros, cun tono ameazante, que non pensara en sacar rendemento político das medidas que propuxeran pois unhas os técnicos confirmaran que non se podían cumprir e outras xa as pensara antes o equipo de goberno.
- Que novamente se esquece Vilaboa, amosando que esta zona de Culleredo e os veciños e veciñas que alí viven non existen para o goberno municipal.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e pídelle ao equipo de goberno seriedade e responsabilidade porque a Corporación municipal defende o interese xeral e os presupostos que se presentan non están orientados ao interese xeral e non se concretan partidas suficientes que definan unha auténtica política social orientada ás familias que van necesitar recursos económicos, cuns servizos sociais saturados, sen unha clara política municipal de vivenda e sen que se faga nada nesta materia pois véñense aportando os mesmos datos desde fai 25 anos sen que se concreten as bases dunha política municipal en materia de vivenda; que hai unha ausencia de políticas de infancia, de políticas adicadas aos maiores, á mellora da calidade de vida nos barrios, que non existe unha política de axuda á pequena e mediana empresa, nin aos autónomos; que non hai prioridades que se atopen xerarquizadas e con só ler a memoria da Alcaldía vese que todo é improvisación, pedindo permiso para reiterar e parafrasear a antiga canción de Paco Ibáñez "Todo en ti fue naufragio" que se lle poderá dicir dentro de moi pouco ao Sr. Alcalde; que quere que quede claro que para o grupo político Popular sempre é prioridade este gasto no interese xeral antes que beneficiar o interese privado dun ou doutro sector empresarial como fai o Sr. Alcalde contratando a dedo, beneficiando a unhas empresas en detrimento doutras e sen seguir os procedementos legalmente establecidos.

Segue a súa intervención a voceira do grupo político Popular e, dirixíndose ao Sr. Alcalde, lle pide que lle diga, nun concello no que cada vez é maior a porcentaxe a gastar e a contraer obrigas sen que existan partidas orzamentarias, sen que existan procedementos de contratación que o legalicen, unha situación que acadou xa os nove millóns de euros en reparos da Intervención municipal porque non se axusta á legalidade, que sentido ten debatir uns presupostos extemporáneos pois con estes nove millóns en reparos batiuse o récord non xa da provincia da Coruña ou da Comunidade Autónoma de Galicia senón que se batiu o récord de todos os concellos de España sen que nin tan sequera a capital, Madrid, acadase esa porcentaxe do 35% de orzamento en gastos que non seguiron procedementos establecidos na lexislación e que foron obxecto de reparos pola Intervención municipal do Concello, tendo que sumarlle a esta situación os contratos de servizos municipais básicos prorrogados tacitamente sen capacidade nin vontade política de aprobar e sacar a concurso, e concretamente na páxina 89, analizando o capítulo de gastos, pódese ver que nada do que aí aparece ten contrato, nin o subministro do abastecemento de auga, nin a súa depuración, nin a limpeza viaria, parques e xardíns, axuda no fogar, alumeadado público, etc, preguntándolle ao Sr. Alcalde que confianza poden merecer estes orzamentos cando o equipo de goberno non é capaz de executalos no día a día e non son capaces de dar cobertura aos servizos municipais que neste momento estanse a prestar de forma contraria á legalidade.

A continuación a Sra. García Gorostizu, seguindo coa súa intervención, pregunta, respecto destas dúas cuestións que vén de expoñer, o recoñecemento extraxudicial de obrigas e a prestación de servizos públicos esenciais por empresas sen contrato e sen procedemento legal que o ampare, se os concelleiros e as concelleiras do equipo de

gobierno son conscientes do que asinan, citando expresamente á Sra. Marta Iglesias e ao Sr. Carlos Liñares aos que lles pregunta directamente se son conscientes do que están a asinar e da súa responsabilidade patrimonial e penal, de que segundo o artigo 408 do Código Penal se faltan á obriga do seu cargo, deixando intencionadamente de promover a persecución dos delitos de que teñan noticia ou dos seus responsables, incurrirán nunha pena de inhabilitación que vai de seis meses a dous anos, preguntándolles se durmen tranquilos polas noites porque con todo isto que pasa no Concello de Culleredo a próxima vez que saia nun telediarario non será polos paseos en Harley ou polos ocorrentes bandos da Alcaldía pois vai haber materia para cubrir varios telediararios; que non sabe cal é o último da lista, un tal Antonio Becerra, sobre o que di que pode comezar a calentar porque antes de que remate esta lexislatura seguro que entra de concelleiro.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que se o equipo de goberno estivera na súa posición terían adoptado medidas que o seu grupo está a estudar polas gravísimas consecuencias que poden ter porque non se pode hipotecar un Concello desta forma, existindo unha relación co formalismo que enmascara unha realidade turbia que non ten ningunha xustificación; que o Sr. Alcalde no pasado pleno, recordoulle que se olvidaba dunha das súas moitas responsabilidades como é a súa condición de membro da FEGAMP, animándoo neste momento a que pregunte, a que pida consello ao presidente da FEGAMP, ao seu amigo e colega alcalde de Vilagarcía, tamén socialista e con maioría absoluta pero cos seus presupostos aprobados desde o 9 de xaneiro deste ano, que tome nota desde tipo de alcaldes e que deixe de vender tanto fume porque de vender tanto fume pode provocar tal fumareda que ninguén, que é o que el pretende, poderá ver a verdadeira realidade, sendo a súa realidade a dun fracaso anunciado.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que lle parece lamentable ter que escoitar estes comentarios con ameazas veladas e con cuestións que, loxicamente, xa saben o que hai que facer no caso de que teñan probas, parecéndolle lamentable que nun pleno das características deste teña que escoitarse todo o que a voceira do grupo político Popular dixo, que cada día o decepciona máis e deixa ver que nin vive no Concello nin coñece a realidade do mesmo.

Intervén de seguido a Sra. García Gorostizu, voceira do grupo político Popular, e pregunta se non é certo que o Concello de Culleredo ten nove millóns de euros en facturas reparadas, representando o Concello de toda España cunha porcentaxe máis alta con reparos de Intervención.

Responde o Sr. Alcalde que el non discute todo iso senón que a Sra. García Gorostizu ve a noite cando é de día e que non serven ameazas veladas.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda á totalidade presentada polo grupo político BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (dous), dos sres/as Chouciño Garrido e Pérez Mosquera

Votos en contra: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Abstencións: 5 (cinco), dos Sres./as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Ferreiro Varela e Mourelle Botana.

A vista do resultado da votación a emenda á totalidade presentada polo grupo político BNG non resulta aprobada.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data quince de xuño de dous mil vinte, co seguinte resultado:

Código do documento	Código do expediente
USG14I016K	USG/2020/88
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3C32 534W 610C 1015 04WP	

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González.

Votos en contra: 7 (sete) dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela e Mourelle Botana.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data quince de xuño de dous mil vinte, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,

O Alcalde-Presidente

(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H